



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE OUTUBRO DE 2014

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1705/2013.- PEGERTO LINARES LAGE.- Licenza obras de REFORMA INTERIOR DE DISTRIBUCION DE PLANTA BAIXA CON SUBSTITUCION DUN FORXADO en RUA ALGALIA DE ABAIXO (DA), 34 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA).

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

LIC/1404/2014.- BEATRIZ OTERO ENJO.- Devolución da fianza depositada, por importe de 600 euros, de data 21/03/2012 RUA MARCO DE COVAS (DO), 23 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA). –LIC/142/2012.

2.- Proposta da Alcaldía relativa ao nomeamento de representante do Concello no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

3.- Proposta da Alcaldía relativa ao nomeamento de representante do Concello no Comité de Autoprotección Externo do aeroporto de Lavacolla.

Por proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno acordou nomear á concelleira María José Corral López como representante do Concello no Consello Social da Universidade de Santiago e ao inspector da Policía Local Francisco García Rodríguez dentro do Comité de Autoprotección Externo do aeroporto de Lavacolla.

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de peche perimetral da pista de Bando e dotación para campo de fútbol.

A Xunta de Goberno aprobou este proxecto de peche perimetral da pista de Bando e dotación para uso deportivo, que conta cun orzamento de 31.265 euros e que conta cun prazo de execución de catro semanas.

Con esta actuación a pista existente, que tiña carencias, quedará adaptada e acondicionada para a práctica do deporte nunhas magníficas condicións, incluíndo un valado da plataforma con malla de 4 metros de altura.

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e sostible relativa á aprobación do proxecto básico e de execución de reparación de cuberta na escola infantil de Tras Parlamento.

Con este proxecto procederanse a solucionar os problemas de filtracións de auga, a través da renovación dos sistema de impermeabilización das cubertas. O orzamento deste proxecto é de 60.145 euros e ten un período de execución de dous meses.

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación de contrato de obras para mellora e pavimentación da rúa 25 de Xullo.

Aprobouse a adxudicación das obras por un importe de 190.938 euros e cun período de execución de tres meses. A intervención vai completar as beirarrúas das que carece en parte a rúa, mellorando a súa urbanización coa definición de espazos peonís e para o tráfico rodado no tramo que desde as proximidades do centro comercial conecta co cámping das Cancelas. O proxecto vai servir para renovar o pavimento da rúa e os servizos subterráneos, coa ocultación do cableado, nunha lonxitude de preto de 400 metros, incluíndo a introdución de arborado no seu primeiro treito.

8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á concesión de licenza de obras para reforma interior de distribución de planta baixa con substitución dun forxado na rúa da Algalia de Abaixo.

Autorizouse unha licenza para realizar unha reforma interior de distribución da planta baixa e de substitución dun forxado nun edificio hostaleiro na rúa Algalia de Abaixo.

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á devolución de fianza no expediente. LIC/142/2012 de vivenda unifamiliar na rúa Marco de Covas.

Tomouse o acordo de devolver unha fianza de 600 euros para a execución de obras de vivenda unifamiliar no Marco de Covas (parroquia de Figueiras).

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación de expediente e de gasto de obras incluídas no proxecto básico e de execución de creación do campo da festa e pista polideportiva en Angrois.

A Xunta de Goberno do 11 de xullo, despois do informe favorable da DX de Patrimonio Cultural, deulle o visto bo o proxecto do que hoxe aprobamos o inicio do expediente de contratación que terá un importe de licitación de 151.888 euros e cun prazo para levar a cabo as obras de tres meses.

11.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á prórroga de contrato do servizo de conservación e mantemento do Parque de Salgueiriños reservado a centros especiais de emprego.

A Xunta de Goberno aprobou a prórroga deste servizo para o mantemento do Parque de Salgueiriños ata o 16 de outubro de 2015, cun custe total de 96.056 euros, para manter os preto 70.000 m². de zona verdes existentes. Na actualidade o Concello ten subscrito este contrato coa Empresa COREGAL PARQUES E XARDÍNS S.L..

12.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á sinatura do convenio de colaboración cultural entre o concello de Santiago e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización de proxectos de dinamización e intervención artística.

As actividades ás que fai referencia o convenio son, en concreto, o Festival de Músicas Contemplativas, o Festival Vía Stellae, o Ciclo Lied e intervencións artísticas e plásticas en prazas e rúas do casco vello da cidade. Estas actividades serán xestionadas e executadas polo Auditorio de Galicia. A cuantía que se destina a estas accións por parte da Xunta de Galicia será de 250.000 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura relativa ao contrato de servizos de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica, excluído o recinto intramuros.

O crédito disposto para este servizo é de 60.500 euros. Este contrato vén a complementar o que esta mesma semana adxudicou o Consorcio de Santiago para actuar no pavimento do recinto intramuros durante esta no, por un importe de 79.134 euros, que é continuación dunha primeira fase xa executada entre os meses de xaneiro e marzo.

14.- Proposta do concelleiro delegado da área de Seguridade e Mobilidade relativa á aprobación da liquidación definitiva das aportacións aos concesionarios de transporte urbán de viaxeiros (Autos Carballo, Hermanos Ferrín SL, Autos Grabanxa SL) correspondente ao exercicio 2013.

Como cada ano, proceuse a someter á decisión da Xunta de Goberno as liquidacións do Servizo de Transporte Colectivo Urbano de Santiago referidos a tres empresas que realizan servizos de transporte no termo municipal, concretamente desde o centro urbano ata Villestro (Hermanos Ferrín), ata a Peregrina-Ponte Albar (Autos Carballo) e entre A Rosa e o polígono do Tambre (Autos Grabanxa). Para o cálculo tívose en conta, entre outros factores, o percorrido realizado por cada empresa que foi no conxunto das tres de 172.944 km.

Deste xeito, no caso da empresa que realiza o itinerario ata Villestro, o Concello debe abonar 81.966 euros. No caso da que conecta coa Peregrina-Ponte Albar a cantidade de 227.358 euros. E no caso da empresa que enlaza a rúa da Rosa co polígono do Tambre, o importe que lle corresponde percibir é de 24.343 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais (Educación) para dar conta de diversas resolucións da Deputación da Coruña relativas á aprobación de contas xustificativas e pagamento de subvencións concedidas ao concello de Santiago en 2013.

A aprobación de contas e o pagamento da Deputación refírese a tres subvencións para a área de Educación relativas:

1. Un segundo pagamento para Escola Municipal de Música de Santiago, sobre un total concedido de 9.825 euros.
2. Outro pagamento para a subvención destinada para infraestruturas e equipamento cultural por importe de 975 euros.
3. E, finalmente, o segundo prazo doutra subvención para os programas educativos e culturais para a comunidade educativa e a cidadanía de Compostela, que ten un importe total concedido de 7.955 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a resolución definitiva da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor escolar para o alumnado de centros docentes públicos e privados concertados de educación primaria para o curso 2014-2015.

A resolución definitiva contempla a concesión de 148 bolsas, das que 30 son bolsas de conciliación –que é o número máximo previsto nesta convocatoria- e 118 son bolsas de tipo asistencial. A estas bolsas, que foron convocadas no pasado mes de xuño, destínanse un total de 86.797 euros, distribuídos en dúas anualidades (33.213€ para 2014 e 53.584€ para 2015)

17.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a ampliación de prazos de resolución e xustificación da convocatoria de subvencións destinada ao fomento do deporte federado, ano 2014.

Acordouse ampliar o prazo fixado inicialmente para resolver estas subvencións. Deste xeito, do 18 de outubro fixado inicialmente nas bases de convocatoria ampliáse ao 1 de novembro.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativo a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. IIVTNU (Plusvalía).

19.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa á concesión de diversas exencións de taxas.

20.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa á concesión da bonificación do 50% na taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público municipal.

21.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Foron aprobadas diversas bonificacións e exencións tendo en conta que os solicitantes cumpren os requisitos recollidos nas ordenanzas fiscais:

- Unha bonificación do 95% da cota do imposto sobre o aumento do valor dos terreos de natureza urbana, tendo en conta que os bens afectados non superan os 75.000 euros. (PTO. 18)
- Un total de 15 exencións de taxas por abastecemento, saneamento e recollida de residuos acolléndose aos niveis de renda que contempla a ordenanza de aplicación (PTO. 19)
- Unha bonificación do 50% na taxa por utilización privativa e aproveitamento especial de dominio público para unha entidade que levou a cabo unha rodaxe cinematográfica na cidade, amparándose no disposto na ordenanza municipal de aplicación.

Por último, procedeu a un recoñecemento de créditos para o pagamento de servizos ou subministros realizados. Afecta ao abono dun total de 3 facturas de diferentes acredores, por un importe global de 13.682 euros.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Obras e Proxectos relativa á recepción das obras de conexión á rúa Manuel Canfranc coa rúa de Manuel Vázquez Cacharrón e actuacións de seguridade viaria na praza de León.

A recepción desta obra de Conexión da rúa Manuel Canfranc coa rúa de Manuel Vázquez Cacharrón prodúcese conforme ao informe final de obra emitido polo enxeñeiro municipal. Estas obras, que permiten unha mellora na circulación rodada no barrio de Pontepedriña, contaron cun orzamento de licitación de 35.940 euros.

23.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á modificación da composición do Comité de Seguridade e saúde laboral do concello.

A Xunta de Goberno acordou a modificación do Comité de Seguridade e Saúde Laboral do Concello que, por parte do goberno municipal, quedará formado polos concelleiros de Facenda, Seguridade, Urbanismo, Servizos Sociais e Medio Rural e estará presidido polo Concelleiro de Réxime Interior.

24.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa a recurso especial en materia de contratación no servizo de axuda do fogar.

A empresa GERIATROS presentou un recurso especial en material de contratación por quedar excluída do procedemento que se está a realizar para adxudicar o servizo de Axuda no Fogar, por non cumprir co establecido no prego de condicións. O Departamento de Contratación presenta un informe ao respecto e conforme a el acórdase desestimar ese recurso, do que se dará traslado ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais para que resolve este asunto.